

RESOLUCIÓN DE 19 DE MARZO SOBRE A FACTURACIÓN ELECTRÓNICA E INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS SEF E UXXI-EC

Como consecuencia do que establece a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, entrou en vigor, desde o 15 de xaneiro de 2015, a obriga do uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturación.

Mediante unha comunicación recibida o 8 de outubro de 2014, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma informou da obriga de fixar como punto xeral de entrada da facturación electrónica das universidades galegas o sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF).

A Universidade da Coruña (UDC), mediante a Instrución da xerencia 1/2015, do 14 de xaneiro de 2015, sobre a tramitación da factura electrónica pretende conectar o SEF e o sistema de xestión económica da universidade denominado Universitas XXI-EC (UXXI-EC).

Dado que inicialmente, por motivos técnicos, non era posible cumprir completamente a devandita integración entre os sistemas, determinouse provisionalmente que o Servizo de Xestión Financeira (SXF) realizase esta función de conexión por un curto período, estimado inicialmente entre quince e vinte días.

Transcorridos xa máis de dous meses sen que a integración dos dous sistema se completase, por cuestións técnicas que se están a analizar, e tendo presente o importante número de facturas que actualmente se presentan a través do punto xeral de entrada de facturación, é necesario adoptar a seguinte resolución:

- 1.º As unidades tramitadoras deberán descargar directamente do SEF as súas facturas, sen que o SXF llelas remita previamente e poderán xestionar, de ser o caso, as propostas de anulación que soliciten os provedores.
- 2.º As unidades tramitadoras deberanlle comunicar ao SXF, o máis axiña posible, as facturas que descarguen directamente, para a súa anotación no SEF como facturas validadas. Esta comunicación vía correo electrónico poderá ser mediante un pantallazo do informe do SEF ou mediante unha comunicación en que figuren como mínimo os seguintes datos: rexistro contable, provedor e importe. Do mesmo xeito, por proposta das unidades tramitadoras, o SXF poderá rexeitar aquelas facturas que motivadamente se soliciten.
- 3.º Con carácter quincenal, o SXF revisará, na entrada xeral de facturación electrónica (SEF), a existencia de facturas que non se descargaron nun tempo prudencial por parte das unidades tramitadoras e indagar os motivos da falta da súa tramitación.
- 4.º Para calquera información complementaria, pódese contactar coas extensión 2397 e 1085 ou por correo electrónico: contabilidade@udc.es.
- 5.º Esta resolución entrará en vigor o 23 de marzo de 2015.

A Coruña 19 de marzo de 2015

O xerente



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Juan M. Díaz Villoslada